



Nova contribución á toponimia viaria xacobeá. Un *camiño francés* que pasaba polo lugar da Estrada

Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Este breve traballo achega unha proba que afianza o carácter eminentemente xacobeo das terras estradenses e dalgún dos camiños que a cruzan, moi especialmente o que atravesaba o actual núcleo urbano da capital municipal. Estes itinerarios, trazados sobre vellos camiños medievais, con frecuencia vías romanas reutilizadas, foron frecuentados por todo tipo de persoas que viaxaban, desde o sur de Galicia, a Santiago de Compostela, meta e fin da peregrinaxe e destino dos produtos —especialmente viño— que a cidade demandaba.

Abstract. This brief piece of work is an evidence of the relationship between Saint James, A Estrada region and its roads, especially the way which went through the current city centre. These routes were traced on old medieval paths, often reused Roman roads, and all kind of people used them to travel from the south of Galicia to Santiago de Compostela, where the pilgrimage ended and the products, especially wine, arrived as demand.

Son xa moi numerosos os testemuños¹ de todo tipo que acreditan o tránsito de peregrinos polas terras estradenses e mesmo polo antano coñecido como *lugar da Estrada*, hoxe importante centro urbano, capital e núcleo rector do extenso municipio ao que dá nome. As probas de maior autoridade proceden daqueles documentos que confirman nun lugar determinado a presenza de peregrinos: a súa partida de defunción, as noticias de misas de sufraxio celebradas polas súas almas, a fundación de confrarías que recollen nas súas ordenanzas a atención a camiñantes e peregrinos e as memorias de visitas pastorais con referencias ao seu coidado, así como a fundación ou mantemento de hospitais e hospicios destinados a tal fin, sen refugar outras achegas de índole circunstancial que aportan información significativa. Neste último apartado pódese incluír o documento que damos a coñecer², unha carta de venda outorgada o día 7 de novembro de 1499 perante o notario público Fernán Bietes. No seu texto especificábase que Pedro Rodríguez e a súa muller, Maior

1 Remítímonos á abondosa e ben coñecida bibliografía sobre este tema.

2 Carta de venda de 1499. Arquivo da Fundación Penzol de Vigo, signatura PLA-04-199.

do Pedregal, *moradores enna freygresia de sant lourenço douçande*, venden a Juan Rodríguez de Casdorrazos e a súa esposa Hurraca Pose, de Aguíóns, *a casa dastrada desta so o camiño françes para a parte do vendaval da freygresia de sant lourenço douçande con todas suas herdades e devesas...*

Trátase, como pode apreciarse na transcripción do documento, doutra máis das moi numerosas escrituras de compravenda do século XV conservadas nos arquivos e coleccións documentais, coa estrutura e formalismos propios daquelas pezas notariais. Esta, sen embargo, interésanos moi especialmente porque relaciona de maneira clara e inequívoca o lugar da Estrada³ cun denominado “camiño francés”, o que non deixa de sorprender, en tanto que esta acepción veu sendo tradicionalmente aplicada ao itinerario norteño que, partindo de Francia, seguían os peregrinos hacia Compostela, bastante afastado das terras estradenses⁴.

Cabe pensar pois nunha aplicación extensiva do termo “camiño francés” a outros itinerarios de relevancia que tivesen como meta a cidade apostólica; por eles circularían todo tipo de persoas: arrieiros, estudantes, enfermos, frades regulares de visita ás súas casas matrices compostelanas..., e tamén peregrinos.

A urbe xacobeá cobra relevancia tralo descubrimento da tumba apostólica ao tempo de Carlomagno a vai medrando en prestixio e importancia de modo que, xa nos albores do século XI, se erixe en capital indiscutible de Galicia, en detrimento da vella *Lucus Augusti* que detentou durante séculos a primacía administrativa, política e económica da *Gallaecia* septentrional. Este desprazamento do centro de gravidade urbano experimentado no noroeste peninsular trae como consecuencia unha reconfiguración da rede viaria estruturada sobre as vellas calzadas e vías romanas: todos os camiños levan agora a Compostela.

3 Lembremos que deica o século XIX parte do seu territorio pertenceu á parroquia de San Lourenzo de Ouzande.

4 Elisa Ferreira, sen embargo, transcribe un fragmento dun foro da comarca da Ulla datado en 1565 onde se menciona unha viña [...] *que ba alongo del camyno francés que va para la ciudad de Santiago [...]*. FERREIRA PRIEGUE, Elisa María, “Los caminos medievales de Galicia” en *Boletín Auriense*, anexo nº 9, 1988, pax. 122. Así mesmo Fernando Cabeza infórmanos dun antigo “camino francés” na freguesía estradense de Moreira. CABEZA QUILES, F., *Toponimia da Estrada*, Edición da Real Academia Galega, A Coruña, 2018, pax. 75.

O tránsito cara a cidade do Apóstol desde o sur encarrilábase, fundamentalmente, por dous sucos tectónicos que percorren o ocidente galego en sentido S-N. O primeiro deles, coñecido como Depresión Meridiana, vai desde Tui a Carballo. Paralela a esta longa depresión rectilínea aínda que desprazada uns 15 km cara o leste e cunha lonxitude bastante inferior avanza outro corredor natural que denominaremos Depresión Oriental. Estas fendas xeolóxicas foron aproveitadas polos trazadores romanos, moi destacados enxeñeiros de camiños, para construír, desde as terras lusitanas, diversos tramos das vías de penetración na *Gallaecia* interior. Aquelas calzadas seguiron sendo plenamente funcionais durante toda a Idade Media e incluso, séculos máis tarde, serviron de baseamento para a construción de importantes infraestruturas viarias como a estrada N-550 e a autopista A-9.

A Depresión Oriental, que conducía unha calzada romana de carácter secundario, inicia a súa andadura en terras portuguesas (Monçao), pasa por Anjoares, Pazos de Borbén e Soutomaior, A Lagoa, Casoirado e Soar aproximándose ao territorio estradense despois de cruzar o concello de Cuntis. Introdúcese entón no val do río Veá e segue cara a Santiago. Desde a Parroquia cuntiense de Portela –quizás desde o Porto de Gómez, pola Casiña– apartábase un ramal daquel vello camiño en dirección nordés cara á lonxana *Lucus Augusti* pasando polo lugar que, séculos máis tarde había ser A Estrada⁵. Estas eran as rutas S-N de máis doada andadura e moi probablemente adecuadas ao tránsito de roda; a primeira delas cruzaba o Ulla por Cesures e esta segunda facíao pola Ponte Veá nun lugar difícil de precisar que quizás coincidise coa actual ponte, de feitura non romana como se deduce da súa estrutura, dimensións e modelo construtivo.

Á sombra da súa catedral medra constantemente a cidade apostólica, *civitas Sancti Iacobi*, onde van asentando as casas matrices das diversas ordes monásticas, ao tempo que o cabido catedralicio acrecenta o seu poder en virtude dos privilexios reais e as espléndidas achegas do Voto de Santiago. Moi pronto Compostela pasa

5 *Strata, strata antiqua*, eran algúns dos nomes que nos documentos medievais recibían aqueles camiños.

a compartir con Roma a primacía espiritual de Europa e acada a preeminencia urbana de Galicia. Á cidade apostólica chegan constantemente multitude de peregrinos, artesáns a exercer os seus oficios, colonos de diversas orixes, esmoleiros, enfermos, frades, cregos, estudantes e arrieiros con abastos de consumo, entre outros liño, carbón vexetal, cera, coiros, lan e, moi especialmente, os viños da Ulla e do Ribeiro que a urbe compostelana demandaba en gran cantidade. Da área noroccidental da actual provincia de ourense, na confluencia dos vales dos ríos Arnoia, Avia e Barbantiño, todos eles sufragáneos do Miño, procedía o prezado viño Ribeiro; o da Ulla elaborábase nas ribeiras do río que lle dá nome, especialmente nas ubicadas hoxe nos concellos da Estrada e Vedra. Os demais produtos citados (aos que cabería engadir o xelo), procedían maioritariamente das terras de Montes e Tabeirós.

Desde épocas moi temperáns –con seguridade xa a comezos do século XI– os trasfegadores galegos que colocaban en Santiago de Compostela os odres do prezado viño ribeirán refugaban, a pesar do seu doado percorrido, as rutas que deixamos descritas por atoparse demasiado afastadas e a desmán da zoa productora do viño optando polo itinerario máis curto e directo, que cruzaba as serras do Faro e Testeiro polos estreitos e pedregosos camiños aptos para a circulación de persoas e bestas, aínda que non para o tráfico de roda. Estes camiños de montana e ladeira, que discorrían polos interfluvios dos ríos de mediano e gran caudal dificilmente vadeables, caracterizan o sistema viario primitivo, deficitario en pontes.

Unha vez chegados á parroquia de Pardemarín os arrieiros penetraban na comarca estradense e podían optar por dirixirse polo N cara ás pontes de Sarandón ou Ponte Ulla ou ben tomar a dirección oeste por Cereixo cara o lugar da Estrada, colocar alí parte da súa mercadoría, facer noite e logo continuar deica compostela cruzando o río Ulla por Ponte Veá. É moi significativo o feito de que tres das cinco pontes que atravesaban aquela corrente se encontrasen na parte septentrional da comarca estradense, caracterizada dende o punto de vista xeomorfolóxico pola preeminencia de chairas e pequenas lombas que conforman os úbedos vales dos ríos Veá, Liñares e Bo, tributarios do Ulla. Unha mesta rede camiñeira artellaba

esta ribeira ullá⁶ en sentido lonxitudinal e transversal e comunicaba entre si as tres pontes asegurando, en todo tempo e circunstancia, o tránsito a Compostela por algunha delas. De aí deriva a importancia estratéxica deste territorio e das pontes estradenses, auténticas portas da urbe compostelana.

Sucedía con frecuencia que as enxurradas desfacían as pontes de Ponte Ulla e Sarandón, que adoeían de graves problemas estruturais e de deseño; incluso houbo longos periodos en que ambas as dúas se encontraban derrubadas⁷, circunstancia que podía paliarse habilitando cativos pontillóns de madeira ou cruzando en barcas. Estas circunstancias adversas, sen embargo, inducían a moitos camiñantes e arrieiros a escoller o paso seguro da Estrada para encamiñarse ao seu destino compostelano pola Ponte Vea, nunca arrasada polo río.

Chegados a este punto cabe preguntarse sobre as circunstancias que propiciaban o tráfico de persoas (tamén peregrinos) e mercado-rías polo lugar da Estrada.

1. O transporte de viño do Ribeiro efectuábase tradicionalmente pola que denominaremos “ruta primitiva”, atravesando, como queda dito, as serras de Faro e Testeiro ata Meavía (Forcarei) e Pardemarín (xa na Estrada); neste punto optábase por seguir cara a Sarandón-Ponte Ulla ou desviarse pola Estrada. A segunda opción foise imponendo a causa do frecuente derrubamento daquelas pontes, o elevado custo das barcas (que se transfería ao produto final, encarecéndoo), a actuación de ladróns e saqueadores naqueles arredados e solitarios camiños montesíos e a paulatina mellora das comunicacións da Terra de Montes e Tabeirós. Era habitual que os peregrinos formasen grupos máis ou menos numerosos e que procurasen a compañía da experimentada xente arrieira para salvar despoboados e pasos difíciles ou perigosos, de modo que se podería asimilar doadamente camiño de arrieiros a camiño de peregrinos aínda que estes últimos se desviasen en ocasións para visitar algúns santuarios de sona ou demorasen a viaxe a causa de accidentes ou enfermidades.

6 O río Ulla delimitaba o extremo meridional da denominada *Terra de Santiago*.

7 Ata 127 anos chegaron a estar simultaneamente intransitables ámbalas pontes, Sarandón e Ponte Ulla, distantes entre si uns 7'5 km.

2. Coa mellora das comunicacións, a partir do século XVIII e xa de modo xeralizado no século seguinte, comezou a impoñerse o transporte rodado de tracción animal, polo que a “ruta primitiva” foise abandoando progresivamente e como alternativa impúxose o antigo camiño real que por Codeseda e Tabeirós acababa entrando na Estrada por Bedella, atravesaba o barrio do Cruceiro e seguía por Figueiroa cara a Compostela.
3. Os arrieiros e viaxeiros de toda caste da propia Terra de Tabeirós e Montes, sur da actual provincia de Pontevedra, noroeste da de Ourense e incluso norte de Portugal observaban como opción preferente o tránsito polo lugar da Estrada, derradeira etapa do camiño a Santiago⁸, punto estratéxico onde se celebraban concurridas feiras e se dispoñía de aloxamento e mantenza para persoas e animais así como asistencia para peregrinos no hospital que existía na parroquia de Figueiroa.
4. A circulación de persoas ou grupos de persoas –léase tamén peregrinos– foi frecuente e fluída pola tupida rede camiñeira que artellaba todo o ámbito estradense, especialmente os pequenos vales septentrionais ribeireños do Ulla, de benigno clima, pródiga agricultura e abondoso viño. Así, a modo de brevísimo exemplo, citamos o testemuño dalgunhas partidas de defunción de distintas freguesías con referencias a peregrinos. Orazo, 6.2.1758: [...] *se enterra a Juan George natural de Bohemia y según sus papeles era peregrino. Venía de visitar al Apóstol [...]*. Remesar, 21.1.1794: [...] *se dio sepultura en el interior de dicha iglesia al cadáver de Francisco de Quintana, del Obispado de Santander. No recibió Santos Sacramentos por no dar lugar a ello la breve enfermedad que le sobrevino pero consta haber recibido el de la penitencia y comunión por un papel que vulgarmente llaman Compostela, en la Iglesia del Señor Santiago, en este Reino de Galicia [...]*. Figueiroa, 26.10.1784, falece Ignacio Taberneiro, de Santa Eulalia de Ponte Caldelas que [...] *venía de ganar el Jubileo del Año Santo [...]*.

Voltemos ao *camiño francés*, obxecto desta sumaria comunicación, lembrando que na xénese do fenómeno xacobeo é ben patente a intervención de reis, políticos, intelectuais e relixiosos de orixe

8 Do que dista uns 23 km.

franca; se a iso engadimos que o máis salientable traxecto xacobeo era aquel que partía precisamente de Francia non debe estrañar que o termos *francés* e *camiño francés* acadasen xa en épocas moi temperás gran prestixio e consideración por ser a vía principal de entrada de peregrinos —entre os que encontramos papas, santos e reis— na Península Ibérica. Esta alta estima acadou o seu cumio na Idade Media cando o a expresión se extrapola e pasa a designar a todos os camiños que levaban a Santiago; despois, coincidindo seguramente co declive do fervor xacobeo, a locución regresa á prístina acepción pola que hoxe é coñecida. Conservouse, sen embargo, suspendida no tempo, nalgúns poucos topónimos⁹ espallados polo municipio estradense e en certos documentos coma o que presentamos.

Apéndice

1499.11.7. Pedro Rodrigues e a súa muller Maior do Pedregal, de San Lourenzo de Ouzande, venden a Juan Rodrigues de Casdorrazos e a súa esposa Urraca Pose unha casa no lugar da Estrada, a carón do camiño francés, por tres mil cen pares de brancas. Documento conservado no Arquivo da Fundación Penzol de Vigo. Signatura PLA-04-199¹⁰.

1. Anno do nasçemento do noso sennor iesucristo de mill e quatroçentos e nobenta e nove annos septe dias do mes de nobembre sepan todos que eu pedroRodrigues morador enna freygesia de sant lourenço douçande por min e por minna muller mayor do pedregal e por todas nosas bozes berdadeira e fir-
3. memento outorgo para senpre a bos juan Rodrigues de casdorrazos e a bosa muller horraca pose moradores enna freygesia de santa maria da-
4. guioos e as bosas bozes conben a saber a casa dastrada questa so ocamino frances para a parte do vendaval da freigresia de sant lourenço dou-
5. çande con todas suas herdades e devesas segun que fasta agora eu o dito pedro rodrigues tiben e posoin e vendovos todo amontes e afontes por
6. contia de tres mill e cen pares de brancas que ja me destes e pagastes e de que confeso e outorgo que soo entrego e ben pago e renunçio a toda

9 Así *O Francés*, en Guimarei (A Estrada). Manuel Reimóndez Portela, pola súa parte, localiza este topónimo nas parroquias de Oca e Lagartóns, aínda que este último podería terse confundido co seu homónimo da parroquia limítrofe de Guimarei. FOLGAR BREA, María J. "Toponimia menor do concello da Estrada I e II", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, XI e XII, 2008 e 2009, pp. 320 e 152 respectivamente.

10 Agradezo a súa amable colaboración a Benito Ramírez Abal, arquiveiro da Fundación Penzol de Vigo e a Damián Porto Rico, do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago.

7. eixepçon que non diga delo o contrario e a lex direito do aver non dado nen contado en presenza do notario e testigos e todo juro sennorio bos aucion e dereito
8. possison e propiedade que eu ajo e me perteçe en esto que bos bendo de min e de minna bos o tiro e tollo e en bos e en bosas bozes o pono e
9. traspaso por esta presente carta de benda e se mais bal esto que bos bendo que a dita contia toda esa demassia bos dou en libre doaçon para
10. senpre e prometo de bos Anparar e defender con esto que bos bendo para o que bos obligo min e meus bees e daqui en diant
11. façades delo toda bosa boontade como de nosa cousa propia e esto prometo teer e conprir so pena do dobro da dita contia que pague por
12. pena quen contra elo beer ou pasar e a pena pagada ou non pagada esto fique firme e balla para senpre e eu o dito juan rodrigues A-
13. si o reço por min e por la dita minna muller absente ben como se fose presente que foy feita e outorgada na iglesia de santa maria
14. daguios que he en terra de bea testigos que estaban presentes gonçalvo Rodrigues clerigo de sant lourenço douçande e juan bouçon e juan manço-bo mora-
15. dores enna dita terra e outros.
16. E eu ferman bietes notario publico jurado por la abtoridade A-
17. postolica e escusador de a[lonso] lopes galos notario de terra de ta-
18. beyros e revadulla a esto que dito he presente foy con os ditos testigos
19. e despues ben e fielmente e meu nome e signo puge que tal he.

SIGNO ferman bietes notario apostolico

